

Programa

- 9.30 **Recepción e entrega da documentación**
- 10.00 **Acto de apertura:** *Representantes institucionais do SUG e ACSUG*
Relatorio: As actividades de avaliación da calidade de ACSUG. A participación de estudantes
- 10.30
Relator: Julio Abalde, Director ACSUG
- 11.30 Pausa-Café**
- Mesa Redonda: A participación dos estudantes nos sistemas de garantía de calidade das universidades**
- Relatores**
- **M^a Elena Sierra Palmeiro**, Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías da UDC
 - **M^a Dolores Álvarez Pérez**, Vicerreitora de Calidade e Planificación da USC
 - **M^a Carmen Cabeza Pereiro**, Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes da UVI
 - **Anxo Sánchez Bermúdez**, Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade da UVI
- 12.00
Moderador: Julio Abalde, Director ACSUG
-
- Mesa Redonda: A avaliación previa á implantación de títulos oficiais**
- Relatores:**
- **Rafael Llavori**, Xefe da Unidade de Relaciones Institucionais e Internacionais de ANECA
 - **Ana M^a Cano González**, Presidenta Comité Avaliación (Programa VERIFICA-Master)
 - **Juan Viaño Rey**, decano da Facultade de Matemáticas da USC
- 13.00
Moderador/a: Vicerreitor/a Calidade
-
- 14.30 Comida**
- Experiencia comparada: A participación de estudantes nos Comités de Avaliación.**
- Relatores:**
- **Anna Ginesta Fontseré**, estudante da UB participante nun Comité de avaliación Externa do Programa de Avaliación Institucional (PEI)
 - **Azucena Rodríguez**, estudante da UDC, participante nun Comité de avaliación do Programa DOCENTIA
 - **Noelia Sánchez Gómez**, estudante vogal do Comité de avaliación (Programa VERIFICA-Master)
- 16.00
Moderador/a: Vicerreitor/a estudantes
-
- 17.30 **Debate**
- 18.00 **Conclusións e clausura**

Organizan

ACSUG en colaboración cos Vicerreitorados de Calidade e de Estudantes das tres universidades do SUG.

Lugar e data de celebración

O Encontro celebrarase na sede de ACSUG (Rúa Lamas de Abade, s/n -5ª planta, CIFP Compostela, Santiago). No caso de que o número de asistentes supere a capacidade máxima dispoñible na ACSUG, celebrarase nalgunha dependencia cedida para tal efecto, en Santiago de Compostela.

A duración do Encontro será de 1 día repartido en xornada de mañá e tarde (de 9.30hs. a 18.00hs) e celebrarase o **xoves 5 de marzo de 2009**.

A organización fretará autobuses para facilitar o traslado a Santiago dende os diferentes campus do SUG, en función das necesidades de desprazamento dos participantes.

ACSUG

Rúa Lamas de Abade, s/n—5ª planta
CIFP Compostela
15702 Santiago de Compostela
Tlfno: 981534173/ 981534468
Enderezo electrónico: acsug@acsug.es
www.acsug.es



Encontro cos estudantes do Sistema Universitario de Galicia



O importante papel do estudante na garantía da calidade

<https://aplicaciones.acsug.es/xornada/>

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2009



Encontro cos estudantes do SUG:

O importante papel do estudante na garantía da calidade

Contexto

No Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) o rol do estudante adquire novas dimensións, deixando de ser suxeitos pasivos para pasar a desempeñar un papel activo. Os estudantes deben asumir responsabilidades concretas achegando importante información para a toma de decisións en diferentes ámbitos universitarios.

A participación dos estudantes fíxose efectiva nas universidades a través dos comités de autoavaliación nos diferentes programas de avaliación institucional. No caso das axencias de avaliación da calidade, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), promoveu a participación dos estudantes nos comités de avaliación externa das últimas titulacións avaliadas.

A promoción da participación dos estudantes por parte das axencias é hoxe un feito e así se contempla nos diferentes programas de garantía de calidade dirixidos ás universidades, como o Programa DOCENTIA, FIDES-AUDIT ou VERIFICA.

Obxectivo xeral

- ◊ Achegar os estudantes do SUG á nova realidade froito do EEES e reafirmar o importante papel que han de xogar na súa construción

Obxectivos específicos

- ◊ Fomentar a participación dos estudantes nos programas de avaliación da calidade das ensinanzas universitarias
- ◊ Dar a coñecer as actividades desenvolvidas por ACSUG para a Garantía da Calidade da Educación Superior
- ◊ Reflexionar sobre os actuais modelos de participación estudantil e os novos retos que han de asumir

Destinatarios

Representantes de estudantes das universidades do SUG, así como estudantes de grao, master e doutoramento interesados en participar nos procesos de avaliación da calidade das universidades.

Inscricións

A partir do 20 de xaneiro e ata o 20 de febreiro como data límite, poderase realizar a preinscrición a través dun formulario electrónico que está dispoñible na dirección Web:

<https://aplicaciones.acsug.es/xornada/>

A confirmación da inscrición remitirase a cada solicitante por correo electrónico antes do **27 de febreiro.**

Certificados

A asistencia ao Encontro implica o dereito de recepción do correspondente certificado expedido pola ACSUG e asinado polos órganos competentes.

